



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN E A FUNDACIÓN APOYO A LA CIUDADANÍA ESPAÑOLA EN VENEZUELA PARA A PRESTACIÓN DE ASISTENCIA SANITARIA E FARMACOLÓXICA A PERSOAS DE ORIXE GALEGA RESIDENTES EN VENEZUELA.**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Fundación Apoyo a la Ciudadanía Española en Venezuela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 25 de outubro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco de colaboración para a concesión dunha axuda á Fundación Apoyo a la Ciudadanía Española en Venezuela (FACEV) co fin de contribuir ó financiamento dos servizos de atención asistencial e/ou sanitaria de urxencia ó colectivo de galegos residentes en Venezuela que por razóns exclusión social, idade, carencia ou de dependencia se atopa en situación de necesidade e non poden afrontar o custo das prestacións que precisan e ós que non se pode chegar a través doutros mecanismos de colaboración.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Fundación Apoyo a la Ciudadanía Española en Venezuela, en adiante FACEV, é entidade xurídica civil de carácter privado, sen fin de lucro, creada para prover





asistencia social, benéfica e de axuda a cidadáns españois residentes na República Bolivariana de Venezuela e na súa misión está prestarlles socorro en situacións de emerxencia en necesidades económicas para asistencia médica e familiar a persoas necesitadas que non poidan proveerse por elas ou polas súas familias.

En Venezuela existe unha gran colonia de emigrantes españois, na súa maioría galegos ou descendentes, dentro da que se atopa un importante colectivo, con necesidades urxentes de atención non atendido a través doutros instrumentos de colaboración, en especial de xente maior ou carenciada, que, dadas as súas especiais circunstancias e a situación social e política que vive o país, precisan da atención da Xunta de Galicia para que poidan acadar unhas condicións de vida digna.

De acordo co anterior, e segundo o disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considérase que FACEV é a institución idónea para a celebración deste convenio de colaboración, por contar coa estrutura, organización, medios persoais e materiais necesarios para a prestación desta asistencia ao colectivo de galegos con escasos recursos económicos, estamos pois ante unha actuación que ten un carácter singular e non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, polo que considérase que non é posible promover a concorrência.

Para o desenvolvemento das actividades obxecto do presente convenio, a Secretaría Xeral da Emigración achegará, con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, unha contía de 40.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0.

O interese público de colaboración no desenvolvemento da presente actuación radica na pretensión de dar apoio aos emigrantes galegos, residentes en Venezuela, que por cuestións de idade presentan problemas asociados e derivados desta circunstancia persoal.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos





contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 22 de febreiro de 2017.

